

FOTO VERDADE



Época de foto-verdade, de foto-bis do texto, imaxe descriptiva, densa en informacións, que culmina a influencia da filosofía das luces, do positivismo liberal burgués. Todo é mostrábel.

Época dos fotógrafos-viaxeiros que inaugura John Thomsom na China. Foto que non é só a de retrato ou repertorio patrimonial, como no XIX.

Foto que agasalla ao cidadán co abraiante ou co descoñecido, facendo pasar o territorio real para o territorio visivo. Foto que se publicita através de álbumes de selos, como fixo Ksado, através de libros, através por fin da prensa gráfica.

Época na que as ciencias humanas, as ciencias sociais conseguen furar por entre as disciplinas tradicionais e xa todos seremos marxistas weberianos.

Época na que unha antropóloga de nome Ruth Matilda Anderson

deixa a cidade de San Luis, Missouri, e vén para a Galiza co seu pai no 1924 e percorre Galiza como a Xeración Nós.

Visión optimista do noso país. Visión en pormenor como manda o naturalismo mentres a placa sensíbel impón a necesidade de planear porque cada disparo leva tempo e porque pode que sexa irrepetíbel. Aínda non é posíbel a instantánea, agás para o militantismo fotográfico, para os pioneiros, e no rexisto simple do real quedan pegadas da intrahistoria que Lady Anderson localiza en actitudes, en acenos, no cotián da roupa como signo, nos oficios, nas ausencias dos homes, nas mulleres querendo ser fotografadas, no municipal ataviado de entorchados que non se atreve coas leiteiras, todas a unha, que rin para a cámara na Rúa Nova santiaguesa.

Visión non racista de Lady Anderson que se reflexará no respecto á lingua orixinaria dentro do texto inglés, imaxe profunda de mulleres atraendo as redes para a praia, na arte do cerco, mentres a brava, sentada, vainas conducindo con voz nidia: "¡Hala, mulleres, hala por e-n-r-i-b-a! ¡Agora, hala!".

Misión progresista que bate co contraste como expresión de diferenza, que tenta apañar a complexidade de motivos para certas accións como o tempo de pose da xorobada para ficar nas sales de prata para sempre, ela, a tolleita que ergue a testa, terma do seu ollar claro, tensa os labres con

seriedade compracida de foto de casamento da época, como recordatorio. E a fotógrafo de Missouri sente que é así e quere que saibamos os dados de contexto para nos xustificar na complacencia desta imaxe de aleixada que te mira, muller sen dependencias, só de Deus. "Toparámola descalza na procesión, cóntanos Lady Anderson, e voltamos topala a ollar aos cabezudos, aos xigantóns. O pano é negro, o vestido é gris".

Fotos sen trampa, foto de complicidades entre a cultura do suxeito, do actor, e máis o fotógrafo e máis o degrau de desenvolvemento técnico.

Foto que ten que ser estantía e querida. Foto-exhibición na que che chega a facer gracia esa señorita acompañada, que todo o quere saber, desde a calidade do pano que vistes até a aparallaxe para a produción do liño. Ou Lady Anderson esforzándose por te reter, mentres vas para o muíño, porque a atoa a túa imaxe primitiva, cor escura e brillo de aceite na pel, e díche se é certo que as campesiñas, acó, adoitan facer versos, e ti fas por non te botar a rir. E cando di se ti tes feito versos algunha vez, segues sen te escachar a rir por educación e vaste indo despois de lle desexar que quede con Deus.

Foto verdade, que se interrelaciona no texto e na toma con cadanseu ámbito de vida. Época de heroes como é Miss Ruth, esta irlandesa que veu de Missouri. ▲

Margarita Ledo Andión